

1915-16

C Í T O L A R O T A

" Eu, que sou mais irmão duma árvore que de um operario,
Eu, que sinto mais a dor suposta do mar ao bater na praia
Que a dolor real das crianças en quen baten"

Fernando Pessoa

Podo dicir:

Oh, Neno de Belén, meu Neno loiro,
e anainarte na noite coma un soño
de pérolas lonxanas fermosísimas.
De pegureiros con pelicas brancas,
ollos de mel, fazulas de mapoulas.
Podo chamar ós paxaros que canten
doce cantar e apousen no teu berce.
Mandar deter ó río, encadear ó vento,
face-la chuvia maina para que sempre durmas.
Fitarte e ficar en alta estrela
onde non chegan as voces das feridas.
E negarte setenta veces sete
entre anxos e glorias e aleluias.

Xesús de Nazaret!,

mil novecentos oitentecincó anos vestido de nós andando a

/ historia,

home na rúa con sangue e sombra

alongando unha man cara o vaso da vida.

Non direi Neno loiro, senón home do medo,
home do pranto que afoga coma un río,
home-neno, Oh rei do desamparo.
Alí onde te vexo estás perdido
e estás só naufragando nos esquezos,
queimando alento e loita na candea que espira.

Para ti a miña anaina sin cítola,
verquida na soedade núa
da túa miña noite.

Compañeiro da fame, adormecendo frío
nunha terra deserta de bicos e de pombas.
Só as águilas da guerra, cinzas da luz que morre,
ensaían o seu voo infindamente torvo.
Ves que se quebra a vida case sen coñecela
en mundos subterráneos ós que non chega a lúa.
Afóndaste nas augas para escoita-lo salmo
do mar xa para sempre.
Estoupa a terra e pare un demo que te engule
e unha lama que afoga.
Senlleiro o corazón contempla invariable
a fuxida das cousas do amor e a esperanza.

Así estás, pequeno,
home espantando sempre noitaregas dos ollos.

Pero acordarás a túa cítola rota
para chamar aínda por aquel Neno loiro
que cantará contigo:

" Pai, estamos todos xuntos,
a casa está poboada por unha dor de séculos
e escóitanse os saloucos polas vellas estancias.
Extende a túa man, oh Pai, axúdanos,
fai que cante na noite a laberca da albada.
Pai da Vida, amosa a túa grandeza,
fai florece-lo amor na nosa pobre casa".

Eterja